

Expediente núm.: 866/2024

Procedemento: Selección de Persoal e Provisións de Postos. Bolsa de emprego tractorista/servizos múltiples.

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DESENVOLVEMENTO DO PRIMEIRO EXERCICIO FASE OPOSICIÓN

Reunidos ás 10:00h, na Casa de Cultura do Concello de Outes, o 5 de maio de 2025, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas relativas ao proceso de selección de persoal para a creación dunha bolsa de emprego para o posto de tractorista/servizos múltiples no Concello de Outes, os membros do Tribunal cualificador formado por:

Cargo	Identidade
Presidente	D. Andrés Busto Allo, técnico administración xeral do Concello de Outes
Vogal	D. Manuel Rama Dosil, auxiliar servizos sociais do Concello de Outes
Vogal	D. Juan Ramón Montero Creo, oficial condutor do Concello de Lousame
Secretaria	D ^a Juana Pedrosa Leis, educadora familiar do Concello de Outes

O acto ten por finalidade levar a cabo dito procedemento de selección, segundo a lista definitiva de aspirantes admitidos-as aprobada polo Decreto nº 2025-0240 de data 22/04/2025. Para elo procédese a:

PRIMEIRO. Realizar e avaliar o primeiro exercicio da fase de oposición tal e como se sinala na base oitava, apartado 8.2) da convocatoria.

Os aspirantes foron chamados individualmente para a realización do mesmo.

Non se presenta o aspirante Vázquez Tomé, Francisco Manuel. Dito aspirante queda excluído do proceso de selección atendendo á base oitava da convocatoria onde di "*Exercicios obrigatorios e eliminatorios.*"

Unha vez explicada, segundo as bases da convocatoria, a execución da proba, os aspirantes procederon á realización da mesma.



Atendendo ás respostas correctas das 30 preguntas do primeiro exercicio da fase de oposición (xúntase como Anexo a esta Acta a proba presentada aos aspirantes coas respostas correctas sombreadas); a cualificación do primeiro exercicio é a seguinte:

IDENTIDADE	PUNTUACIÓN
Priegue Arestião, Ramón	5.00
Vaamonde Santos, José Manuel	5.20

SEGUNDO. Establecese un prazo de reclamacións dende a data de publicación desta acta ata o xoves, 8 de maio, ás 14:00 horas.

TERCEIRO. Convócase aos aspirantes; que superaron o primeiro exercicio da fase de oposición para o vindeiro xoves, **8 de maio de 2025 ás 10:00 horas na Casa** do Concello de Outes co motivo da a realización do segundo exercicio da fase oposición: proba práctica de manexo do tractor.

O presidente dá por terminada a reunión ás 11.00 horas.

ANEXO



CUESTIONARIO EN GALEGO



Nome e

Apelidos:-----

DNI/ NIE: _____

Instrucións:

- O cuestionario consta de **30 preguntas tipo test e 4 de reserva** para o suposto de impugnación dalgunha das 30 preguntas. Cada pregunta só ten unha resposta correcta.
- O tempo do que se dispón para a realización do cuestionario é de **45 minutos**.
- Non se permite o uso de ningún tipo de dispositivo móbil durante a realización do cuestionario.
- As respostas incorrectas e as preguntas sen resposta (en branco) **NON penalizan**.
- De haber varias respostas marcadas nunha mesma pregunta, considérase errónea a todos os efectos.
- Se a persoa marca inicialmente unha resposta e posteriormente cambia a súa opción, deberá indicar claramente cal é a resposta correcta.

1.- **A biela do motor dun tractor divídese en:**

- a) Pé, sombreiro e cabeza
- b) Pé e cabeza
- c) Pé, corpo e cabeza**



2.- **Número de parroquias do Concello de Outes:**

a) 9

b) 10

c) 8

3.- **Dos tres elementos seguintes un deles non pertence ao motor dun tractor. Indique cal é:**

a) Cegoñal

b) Eixo de balancíns

c) Rodas motrices.

4.- **No tractor, cada canto tempo mediremos o nivel de aceite do motor?**

a) Diariamente

b) Cada dous días

c) Unha vez cada 15 días



5.- **Cal é a misión do alternador nun tractor?**

a) Arrancar o tractor

b) Acumular enerxía eléctrica

c) Producir corrente eléctrica

6.- **Un dos seguintes elementos non pertence ao sistema de refrixeración do tractor:**



- a) Radiador
- b) Líquido refrixerante
- c) Serpentín de gas**

7.- Nun tractor, a caixa de cambios ten a función de:

- a) Regular a velocidade de avance respecto ao traballo de forza que realiza**
- b) Engraxar todos os seus piñóns
- c) Refrixerar o motor

8.- Como se chama a peza que une o dental co bastidor do arado de vesadoiro?

- a) Brazo**
- b) Talón
- c) Reixa

9.- En que parroquia do Concello de Outes se sitúa o Centro Náutico Francisco Rama Vázquez "Fufú"?

- a) Sabardes (San Xoán)**
- b) Freixo
- c) Cando

10.- Un destes elementos non forma parte dun pulverizador de produtos fito sanitarios, indicar cal é:

- a) Bomba



b) Axitador

c) Prato calibrado

11.- Das tres afirmacións seguintes sinalar cal é a falsa:

a) O sistema de iluminación do tractor funciona con corrente continua

b) O alternador dun tractor produce corrente alterna

c) O que se coñece como toma de forza nun tractor é un enchufe especial que se usa para conectar as partes do sistema eléctrico que necesita máis potencia.



12.- Segundo a Lei de Bases de Réxime Local, dentro das súas competencias, cal é un dos servizos presentes en todos os municipios?

a) Recollida de residuos

b) Parque público

c) Protección civil

13.- A Constitución Española reserva o carácter de fundamental para determinados dereitos e liberdades. Indique cal dos seguintes non ten o carácter de fundamental:

a. A liberdade ideolóxica.

b. A propia imaxe.

c. Unha vivenda digna e adecuada.



14.- **Se no manexo de maquinaria observara nesta algunha deficiencia estrutural, mecánica ou de risco para a saúde:**

a. Comunicará os feitos ao responsable directo e absterase do uso da maquinaria ata a súa revisión polo persoal cualificado.

b. Procederá por si mesmo á realización do mantemento preciso.

c. Continuará o traballo ata que a maquinaria pare por si mesma.

15.- **Cal destes concellos NON limita co Concello de Outes?**

a) Muros

b) Mazaricos

c) Lousame

16.- **Cal das seguintes afirmacións é correcta?**

a. O Pleno está integrado por todos os concelleiros, o alcalde e o secretario municipal.

b. O Pleno está integrado por todos os concelleiros, o alcalde, o secretario e o interventor municipal.

c. O Pleno está integrado por todos os concelleiros e é presidido polo alcalde.

17.- **Segundo a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, enténdese por acoso sexual:**

a) Calquera comportamento verbal, non verbal ou físico de natureza sexual que teña por propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.



- b) Calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa co propósito ou co efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.
- c) Calquera comportamento físico de natureza sexual que teña por propósito atentar contra a dignidade dunha persoa.

18.- As buxías de incandescencia utilízanse nos motores diésel para?

- a . Acelerar o motor
- b . Facilitar o arranque do motor principalmente en frío**
- c . Ningún motor diésel ten buxías de incandescencia

19.- Que é a BIELA?

- a .É unha conexión entre o pistón e o cegoñal**
- b . Mecanismo que move a bomba de auga
- c.-Xunta do colector de admisión

20.- A que pode ser debido que o motor do noso tractor se quente en exceso?

- a. A que haxa demasiado líquido refrixerante no radiador
- b. A que o ventilador funcione en exceso
- c. A que a correa da bomba do circuíto de refrixeración se atope frouxa ou en mal estado**

21.- A que pode ser debido que o seu tractor non arranque ben polas mañás?

- a. A que o motor teña pouco aceite
- b. A que os quentadores do motor estean defectuosos**



c. A que teñamos pouco líquido refrixerante no radiador

22.-As rozadoiras autoportantes, conteñen accesorios que cortan a maleza e que se poden acoplar a tractores e vehículos con tracción ás catro rodas. Os anchos de traballo máis frecuentes son:

a.- Entre 1,2 a 1,6 metros

b.- Entre 2,5 y 3 metros

c.- Entre 15 cm y 25 cm

23.- Cal dos seguintes EPIs non son de protección individual?

a.- Casco.

b.- Extintor de incendios

c.- Protección auditiva

24.- A circulación de vehículos especiais agrícolas por vías públicas:

a.- Só poden utilizar as vías públicas para desprazarse, non podendo realizar as tarefas para as que estean destinados.

b.- Poden utilizar calquera tipo de vía pública para desprazarse e realizar as tarefas para as que estean destinados.

c.- Poden circular por autoestradas e autovías se desenvolven unha velocidade superior a 80 Km/h en chan e cumpren coas condicións que se sinalan nas normas reguladoras dos vehículos.

25.- As inspeccións periódicas serán obrigatorias para os tractores agrícolas, maquinaria agrícola autopropulsada, remolques agrícolas e outros vehículos agrícolas especiais, cunha frecuencia de:

a.- Exento se a antigüidade do vehículo é ata 5 anos



b.- **Bianual se a antigüidade do vehículo é de 8 a 16 anos**

c.- Ningunha é correcta

26.- As medidas preventivas e de protección ante risco de atrapamento por/ou entre obxectos son:

a.- Levar roupa de traballo folgada.

b.- **Manter a totalidade das partes móbiles (que poidan levar protección sen que interfiran no procedemento de traballo) protexidas de tal modo que sexan inaccesibles a actos voluntarios ou involuntarios da persoa que os realiza.**

c.- Antes de apearse do tractor, comprobar sempre que queda conectada a toma de forza. E se se traballa con ela, asegurarse de que non estean colocadas as proteccións que a cobren.

27.- En que artigo da Constitución se establece que: todos os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer ningunha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social?

a) Artigo 20

b) **Artigo 14**

c) Artigo 27

28.- Segundo o Título II do Estatuto de Autonomía de Galicia, cal destas NON é unha competencia exclusiva de Galicia?

a) **A xestión das prestacións por desemprego**

b) Ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda



c) A promoción e a ensinanza da lingua galega

29.- **Un EPI é:**

a) Un equipo de protección individual

b) Unha ferramenta de albanelería

c) Unha ferramenta de xardinería

30.- **Quen preside o Pleno?**

a) O/a secretario/a do Concello

b) O/a primeiro/a tenente de alcalde/alcaldesa

c) O/a alcalde/alcaldesa

PREGUNTAS DE RESERVA

1.- **Dos tipos de trituradoras de restos de poda que se indican a continuación, sinalar cal delas é falsa:**

a) Trituradora de martelos

b) Trituradora de tambores

c) Trituradoras peristálticas

2.- **Durante a circulación por vías de uso público, deberán utilizar o sinal luminoso:**



a.- V-5, tanto de día como de noite, sempre que circulen a unha velocidade que non supere os 50 Km/h.

b.- Calquera tipo de iluminación, sempre que sexa visible desde 100 m en todas as direccións.

c.- V-2, tanto de día como de noite, sempre que circulen a unha velocidade que non supere os 40 Km/h.

3.- Os vehículos especiais agrícolas non deberán superar as seguintes velocidades:

a.- 30 km/h: Se carecen de sinalización de freado, levan remolque ou son motocultores.

b.- 40 km/h: os restantes vehículos especiais.

c.- Todas son correctas

4.- O brazo articulado utilizado na conservación dos laterais das estradas permite acceder á maleza situada a:

a.- máximo 4 metros do vehículo

b.- menos de 2 metros do vehículo

c.- 7 metros do vehículo

Sinatura: _____





Cod. Validación: ZLAHMADYNQL4YPY7P92RRWKKY
Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13



